


# A ROSA TERRA

IDEARIUM  
DAS

IRMANDADES  
DA FALA



ANO XII

N. 250

1.º de Xulio de 1928

FAMILIO DIAZ

A NOSA TERRA

---

**BANCO PASTOR** Casa fundada  
en 1876

Capital suscrito, 17.000.000

Capital desembolsado, 8.500.000

A CRUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE - FERROL - VIVEIRO - SARRIA - MONFORTE - TUY - ESTRADA  
CARBALLO - MUXÍA

---

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA                      PAPELEIRÍA  
IMPRESA

—  
Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE  
BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol  
*Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e  
en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca  
e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses  
Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para  
maquinaria e pesca.*

SAITA LUCÍA, 26 e 28

A CRUÑA

---

A superioridade dos  
**CALZADOS SENRA**

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais  
o procedere d'unha industria galega,

**HONRA DA NOSA REXIÓN**

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano  
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



1.º de Xulio do 1928



Núm. 250

## AO DECORREL-OS DIAS

Nóvoa Santos, o eminente home de cencia galego, estivo na Habana á pronunciar varias conferencias. A numerosa colonia galega acolléuno con un agarimo e cordialidade conmovedora que obrigaron ô ilustre médico a falar en galego en dous aitos. Quenes d'isto nos informan din que endexamais pódese dar nada mais conmovedor que os referidos momentos en que as bágoas xurdían dos ollos dos presentes resultando d'unha emoción imposible de describir. Os berros de ¡Terra a nosa! e os vivas a Galicia safan dos beizos ateigados de emoción e amor pol-a Terra ausente. A tal estado chegou a cousa que Nóvoa Santos víuse obrigado a decir que non podía seguir falando e menos aínda en galego xa que non sospeitara que o facelo así produxese tal emoción. Ahí tendes narrado o feito.

Agora Bén: D'él dedúcese e ponse de manifesto unha vegada mais a forza intanxible e subríme que tén o uso do noso idioma. O noso idioma que ô ouvilo pronunciar d'un xeito tan culto e elevado como fixo Nóvoa Santos enche de emoción insospeitada a galegos que aínda ausentes da terra quizais nunca decatáranse do valor e significado verdadeiro do idioma propio.

Dedúcese tamén que o noso idioma está d'abondo capacitado para expresar toda crás de sentimentos e para medio de expresión de total-as manifestacións culturaes, artísticas e científicas. E finalmente proba a realidade da súa existencia viva que obrigou a Nóvoa Santos a empregalo e ôs ouvintes a choraren emocionados.

Moitas mais consecuencias poderíanse tirar do caso, mais abonda co dito para coñecemento de todos e vergoña de galegos desleigados.

Galicia camiña e o faro luminoso que alumea o seu andar é a fala, ucha santa que garda a súa historia e fenestra que amostra a súa existencia racial.

# POLÍTECA DO NOSO TEMPO

## V

### A RESPONSABILIDADE DA REPERSENTACIÓN PARLAMENTAR

Cando Lois Porteiro, o pirmeiro candidato galeguista, presentouse pra Diputado pol-o distrito de Celanova, levaba un programa que someteu ós seus eleitores, e contiña puntos referentes á políteca xeral do Estado, puntos referentes á políteca e ós intreses de Galiza e puntos referentes ós intreses do distrito que se propuña reper-sentar. Contraía ademais cos seus eleitores o compromiso solene de vir ó distrito en total-as vacaciós palramentares; e n-unha xuntanza xeral, dar estreita conta da sua conduta no Congreso dos Diputados, tendo dereito os eleitores de pēdirllas tocantes a cada un dos puntos do programa que se comprometera a defender. Mais adiante, presentáronse pra Conxexales na Cruña dous ilustres galeguistas, e enantes deixaron en poder da Irmandade da Fala, unha renuncia ó seu cārrego, signada e rubrada da sua mau e sen data, pra que, no istante en que fallaran ó seu programa, poidera a Irmandade faguer uso d'aquil documento. N-unha das Asambreias Nazonalistas acordouse eisixir un documento com'aquil de calquera que se presentara pra un cārrego d'eleición popular levando a reper-sentación do partido, ou simplemente recadando a sua axuda.

Que principio viñan asentar istes procederes?

Dous da meirande importancia: o da responsabilidade do reper-sentante diante do corpo eleitoral, e o da territorialidade da reper-sentación popular.

Botemos unha ollada ó pirmeiro principio. Atal como se viña practicando o sistema

palramentar, os reper-sentantes do pobo viñan gozando d'unha absoluta irresponsabilidade. O pobo dáballés co voto un poder do que iles podían faguer o uso que lles dera a gana, sen que tiveran que responder diante de ninguén, do emprego que d'il fixeran. O pobo deposita n-iles a sua confianza sen condi-ciós, enaxena a sua soberanía a prol d'iles'sen reservarse o dereito de xusgalos, compromete o seu porvir nas suas maus, entregándolles cousas tan sagras com'o Poder lexislativo, o voto dos trabucos e do continxente militar, a guerra e a paz, a aptitude pra exercer o Poder executivo, todo. E todo sen sanción, sen responsabilidade. Unha acta de diputado é unha verdadeira patente de corso, unha carta branca pra faguer e desfaguer, pra dispor da soberanía nazonal.

Meiante isto, o Palramento exerce unha verdadeira ditadura temporal, que dura o que dura a lexislatura, pois o pobo non pode revocar n-ise tempo os poderes qu'otorgou, nin pode coutar de ningún xeito os males que lle veñan do mal emprego da reper-sentación por parte dos eleitos. Non é isto absurdo?

Vexamos os resultados: o diputado, cando ven conqueril-os votos, promete montes e moreas ós seus eleitores: ha ser o seu reper-sentante, o seu proteitor, o xestor dos seus intreses, etc. etc. De que leva a acta no bolso, xa non depende d'iles: depende do seu partido, do seu xefe; vai ó Palramento, e vota, non o que prometeu ós seus eleitores, senón o que lle manda o seu xefe. Porqué? Pol-o que dixemos no artigo anterior: porque somentes adentro d'un partido se fai carreira políteca; porque somentes estando ó frente d'un partido se pode gobernar; porque pol-a natureza non retribuída e especialísema d'istes cārregos, fai que señan des-empañados sempre por profesionás da políteca, que d'ela fán unha carreira.

Diredes: mais os partidos non son produto da opinión pública? Non é a opinión a que fai os partidos? Os partidos non son as divisións da opinión? Orixinalmente, pode que sí; hoxe, nos mais dos casos, non. Ó principio, os partidos son ata certo punto, sectores da opinión; despois, a polítega profesional supranta á opinión na formanza e no desenrolo dos partidos, e chega un instante en qu'os partidos non son mais que clientelas polítecas que se non propoñen no fondo outra cousa que chegaren ó poder e repartírense os cargos de goberno e as prebendas do Estado, ou simplemente un abelencioso manexo da oposición palramentar pra obter concesións persoás dos que gobernan. Que tamén d'outra oposición se sacan ventaxas.

Ninguén dirá que os partidos polítecos son o pobo, son a nación. Pois ben: en cada elección, a nación entrega a súa sorte ós partidos polítecos...

A desculpa que solen dar os tratadistas é moi pavera: dín que a sanción da conduta do deputado está na mau dos eleitores; con non reeleixilo *pra outra vez*, teñen feito... E namentras? Namentras haino qu'aturar hai que pasar pol-o que faga. E namentras, pode vir unha guerra, unha suba inxustificada nos trabucos, unha medida que comprometa o porvir económico, un tratado ruinoso, etc... Mais, de certo está a non reelección na mau do corpo electoral? Nos países en qu'o corpo electoral é coscente, dánse efectivamente casos de non reelección d'algunha persoa destacada, ou de qu'algún partido perda postos pol-a súa conduta na anterior lexislatura. Mais nin son moitos casos, nin afeutan pol-o xeral a persoa de segundo orde. E na Hespaña coído que endexamais tal cousa aconteceu. Pol-o xeral, enfora com'eiquí, ruben e baixan os partidos por outras cousas moi diversas d'esta.

En todo caso, fica demostrado pol-a esperencia que o tempo de duranza d'unha lexislatura pode decidir da sorte d'un país.

Ora: s'ademitimos coma compre ademitir adentro do sistema liberal, qu'o pobo é o depositario da soberanía nazonal, a relación que hai entre el e os deputados, é a de mandante e mandatario. Isto non tén volta. En-

tón, temos que sendo todo mandato esencialmente revocábele, pois o mandato non pode ter mais dura que o tempo que dura a confianza do mandante, o mandato electoral débese tamén poder revocar. Ademais, o mandato non pode chegar en ningún caso mais alá d'onde chega a vontade do mandante; logo, o mandato electoral pode tamén ser limitado. Porqué santo, o poder que otorgan os eleitores a un deputado ha ser necesariamente un poder xeral? Porqué non ha poder coutalo, e dicirle ata eiquí chegas, e d'eiquí pr'adiante non podes ir? Porqué o que se admite no Dereito civil non se ha de admitir en Dereito políteco?

E co-isto vimos parar, pouco mais menos, no *mandato imperativo*. Hai moitas que teñen o mandato imperativo coma cousa anti-liberal e antidemocrática. Quixera que me demostraran por qué, pois ata d'agora se non demostrou. É unha de tantas cousas que s'afirman sen fundamento, e que se repiten sen crítica. Non hai tal cousa; pol-a'contra, eu vexo no mandato imperativo, na revocabilidade do mandato electoral namentras dura a lexislatura, e na responsabilidade do deputado diante dos seus eleitores, unha intervención mais constante do pobo no exercicio das funcións palramentares, unha fiscalización da conduta dos representantes, que levarían ó sistema palramentar moito mais perto da *democracia directa*, que é o ideal da democracia.

En que principio fundamental, senón n-iste, se funda o *referendum*? Veleiquí outra institución democrática que cumpriría amparar en gran mensura: o referendum. Correxitivos democráticos contra as suplantacións da representación popular e contra o absolutismo e irresponsabilidade dos Palramentos. N-un sistema democrático non debe haber poderes irresponsábeles.

Pr'o mes que vén falaremos da territorialidade da representación.

VICENTE RISCO.

LEA VOSTEDE  
A REVISTA  
MENSUAL

N Ó S

BOLETIN DA  
CULTURA  
GALEGA

Administración

Real, 36-1.º

A Cruña.

## ENCOL DA LÍRICA GALEGA

Resposta a un artigo  
tendencioso

Augusto María Casas, un dos *pinocas* que agora están aparecendo na literatura galega, publicou no «Pueblo Gallego» un artigo encol da lírica galega. Un artigo que é un avance d'un libro que quere imprentar estudando ao seu xeito, un xeito completamente arbitrario e falso, ós poetas galegos de hoxe e onte. Un artigo ademais rebosante de petulancia e endiosamento que non merecía nin o mais leve comentario se non fora pol-as afirmacións gratuítas que fai, as que compre non deixar sin axeitada resposta.

O improvisado crítico asegura olímpicamente que a millor lírica galega que houbo endexamais creárona os poetas da nova xeneración e tén conceptos duros e falsos para os vellos poetas que crearon a poesía galega tradicional.

Asegura que os millores poetas galegos que houbo en todo tempo son uns cantos amigos seus cuíos nomes cita e remata o artigo co-as seguintes verbas: *sigue hermético el tópico de nuestra poesía tradicional la que verdaderamente no es ni existe. ¡Yo no la he visto por ninguna parte!*

Imos contestar a estas dúas afirmacións.

En primeiro lugar, de todol-os *novos e únicos* poetas que M.<sup>a</sup> Casas cita somentes merescen o título de tales, xa que son os únicos coñecidos e que deron probas d'elo, o probe Amado Carballo, Manuel Antonio, Xulio Sigüenza e Eduardo Blanco Amor. Os demais son perfectamente inéditos pois supoño que non serán méritos d'abondo para calificalos como M.<sup>a</sup> Casas pretende o feito de que algún d'eles teña publicado algún verso n'algún xornal nin tampouco que María Casas o diga, pois de ser así eu podería afirmar que son o millor poeta do mundo e por eso ¿había de sel-o? Euxenio Montes, Correa Calderón e Bouza Brey distínguense perfectamente e por propios méritos n'outros campos literarios que non son a poesía. Dos catro que eu considero bóns poetas,

sigo falando pol-a produción poética que xá teñen feita, o mais grande de todos é o malogrado Amado Carballo. ¡Este si que era un poeta! E reparé o señor M.<sup>a</sup> Casas que Amado Carballo sabía irmanar perfectamente a forma moderna da poesía co'a racialidade galega pois toda a súa produción ademirabile recende á Terra de onde sabía tirar a inspiración e os motivos. Entre Amado Carballo e todol-os demais que M.<sup>a</sup> Casas cita hai un abismo de diferenza. Como tamén o hai entre Euxenio Montes e todol-os demais.

Pero señores, ¿quén conosce a Xoán Carballeira, Denys Fernández, Augusto María Casas, pois él tamén se cita entre os millores, Xesús Bal, Díaz de Herrera, Emilio Mosteiro? ¿Onde está a obra poética d'istes inmensos poetas que ninguén conosce? Está craro que M.<sup>a</sup> Casas amóstrase como un formidabile vanidoso ao falar de si mesmo e tamén está craro que o que pretende co-as súas afirmacións é crear un estado de agradecimento nos seus cinco ou seis amigos que cita. ¿É xusto ese proceder? Volvo a repetir que si non fora porque trata de algo serio e intresante, o xeito sería tratá-lo de broma e tomarlle un pouco o cabelo ao gran crítico.

A poesía tradicional. ¿Pero é que M.<sup>a</sup> Casas é tan parvo que nega a formidabile e inmensa envergadura poética de Rosalía, Pondal e Curros por non citar mais que os de primeira ringleira dos nosos poetas mortos? ¿Pero é que na lírica contemporánea hai algún poeta que poida compararse con Cabanillas a quen Casas silencia por non consideralo poeta? E que me dí de Victoriano Taibo, tamén poeta moderno pero non exótico, e de Gonzalo López Abente? E aínda hai mais anque non sexan tan bóns com'os tres citados. Non creio que haxa necesidade de buscar mais argumentos para refutar o dito por M.<sup>a</sup> Casas encol da nosa poesía tradicional.

E imos rematar. Paréceme que a resposta vai ben razonada e con razóns de mais peso que as que M.<sup>a</sup> Casas emprega. Compre saír ao paso d'istes novos críticos, «pollos bien» da literatura galega, vanidosos e endiosados que co'as súas parvadas perxudi-

can mais que favorecen ao desenrolo da nosa literatura hoxe en maravilloso rexurdimento. En derradeiro termo que cada un faga o que poida e deixe en paz aos demais. Antes de criticar e censurar como M.<sup>a</sup> Casas o fai, hai que crear algo, pouco ou moito, millor ou peor. ¡Apañada estaba a literatura galega e a nosa poesía se non poidera amosstrar ao mundo outros nomes que os que M.<sup>a</sup> Casas cita!

E finalmente quero facer presente a miña lamentación porque «El Pueblo Gallego», o único xornal que nos fai concebir certas esperanzas galeguistas, ademita nas suas columnas artigos como o que deixo comentado que non lle dan prestixio ningún e perxudican moito; moito mais do que semella á primeira ollada.

VÍCTOR CASAS.

## COMO PROGRESA A CULTURA GALEGA

E éste un tema que temos de tocar con frecuencia xa que a elo nos obriga por unha parte o desenrolo enorme que adquire de día en día a necesidade de chamar a atención encol do caso aos galegos que aínda siguen indifrentes ou non queren, por prexuícios pasados de moda e antipatrióticos, decatarse da realidade intanxibre do noso progreso cultural.

Efeitivamente: o estar aparecendo a cotío novos libros galegos, aumenta o número e tamén o valimento, obriga a ocuparse con ledicia do asunto e repetir, cada día mais convencidos, por que os feitos cantan, que a cultura galega está vivindo uns momentos formidablemente intresantes que a levan cara un porvir maravilloso. Poetas e prosistas rivalizan en ofrendar á nosa cultura en língoa vernácula os froitos expréndidos do seu talento e do seu patriotismo. Abondaba para razonar o dito o bôtar unha ollada encol dos libros publicados n'estes derradeiros cinco anos.

Pero é que aínda hai mais:

Hai os que estanse xa imprentando para continuar a aitividade autual e hai tamén os

que se están escribindo feitos que farán unha cadea xurdia de traballo cultural para chegar en pouco tempo a un balance expréndido e unha concrusión definitiva. A creación d'unha gran cultura galega que acadará admiración de propios e alleos.

E non falemos sómentes dos libros que se veñen publicando se non tamén dos novos artistas que xurden facendo obra galega, seguindo o ronsel dos xa consagrados, a mesma exposición que en Madrid estase celebrando, a xuicio dos millores críticos anuncia un lumioso porvir. Hasta a vida galega en todol-os seus aspeitos adquire de día en día novos matices propios e xurde vizosa entonando un hino á raza endereitando a Galicia pol-o vieiro do seu patrimonio espiritual de pobo racialmente definido. Vivimos unha hora de recostitución propia que xa da froitos e levarános a algo de cuiu fin aínda é prematuro asegurar a magnitude.

Os elementos naturás da raza galega rexurden arestora demostrando vitalmente do que son capaces como xa o demostraron en pasadas épocas. Galicia vai a pasos axigantados cara un futuro xurdiamente maravilloso. Todo o fai concebir e asegurar así.

Este é un convencimento que xa de vello temos os que do rexurdimento da Terra nos preocupamos. Pero fai falla tamén que do mesmo convencimento participen todol-os galegos pois a todos corresponde intresante papel n'esta hora solene do rexurdimento patrio.

## Conferencias galeguistas en Montevideo

Temos recibido un folleto que contén as notabres conferencias que no Centro Galego de Montevideo pronunciaron o 17 de Mayo pasado os nosos entrañabes irmáns Eduardo Blanco Amor que falou do tema «Guía para un estudio integral del renacimiento gallego» e Ramón Suárez Picallo encol de «Interpretación emocional del paisaje gallego». Trae tamén as verbas que de presentación dos conferenciantes pronunciou o Señor Constantino Sánchez Mosquera.

Leímos con avidez as conferencias na que os queridos irmáns e xenerosos patriotas fixeran gala do seu fondo coñecemento da hora actual de Galicia e dos seus problemas como tamén do seu elevado patriotismo. Os temas, fondamente interesantes, e de gran contido proselitista, foron tratados de maneira xusta e emocional o que produxo verdadeiro entusiasmo entre aquela colonia galega que con estes aitos dispónse xa a adicar

atención aos problemas que actualmente Galicia ten prantexados.

Meritoria labor que realizan os nacionalistas residentes na arxentina entre os que destacan Blanco Amor e Suárez Picallo pol-a súa cultura e patriotismo.

Agradecemos o envío do folleto e enviamos aos conferenciantes a renovación do noso fraternal agarimo e felicitación.

## FOLLAS NOVAS

A MAORAZGA (2.<sup>a</sup> parte de «Os camiños da vida»), por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Púxose xa á venda o segundo tomo da interesante e formidabile novela «Os camiños da vida» do ilustre Otero Pedrayo. A impresión xurdía do primeiro tomo arrequeéntase con esta continuación que fai aumentar o degoro por chegar ao final da obra á que nos conduce o autor pol-os camiños deliciosos da súa prosa maravillosa e ategada de beleza.

Este segundo tomo ten capítulos d'unha fermosura inigualada que obrigan a leelos varias veces pol-a amenidade e intrínseco que encerran. Tal «o Scherzo da Heróica» e outros.

Temos que repetir que estamos diante d'un libro que non ten precedentes na literatura galega e que non tardará en ser traducido a varios idiomas cando sexa debidamente divulgado. A nosa literatura adquire un valor insospitado con «Os camiños da vida» o que fará voltar os ollos a ela a moitos que aínda creen que non pasou dos balbuceos do comenzo. «Os camiños da vida» ten necesariamente que chamar a atención de cantos se preocupan pol-as novas literaturas universais entre as que a galega se vai abrindo camiño n'esta hora de glorioso despertar. O éxito da novela xa está asegurado. Fai falla que os galegos decátense d'elo e de-

mostren intrínseco por conocelela para saber do seu grande valimento denantes de que sexan os de fora os que teñan que llo decir. O que sería unha dura lección de preocupación pol-as cousas propias mais aínda cando de cousas tan boas como a que nos ocupa se trata.

Repetimos a nosa embora e agradecemento a Otero Pedrayo e a NÓS e agardamos o remate da novela que sairá este mes co título de «O Estudante».

### ARQUIVOS DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

O benemérito «Seminario de Estudos Galegos» compostelán que tanto e tan ben está traballando pol-a cultura galega acaba de publicar o primeiro tomo dos seus arquivos. Un libro de preto de 400 páxinas diversos orixíns da organización ínterna do Seminario e traballos de algún dos seus socios que publica íntegramente, son os seguintes que pol-os temas e nomes dos autores fácil é xusgar da súa importancia e intrínseco.

Florentino L. Cuevillas: «O ídolo cilíndrico de Pontevedra».

Fermín Bouza Brey: «Estazóns prehistóricas de Arousa».

Ramón Otero Pedrayo: «Estampas de Ourense».

Vicente Risco: «O castro de Caldelas».



Luis Tobío: «A pesca da balea nas costas de Galicia».

Salvador Cabeza de León: «A insinanza do Dereito na Universidade de Santiago».

S. Portela Pazos: «Colección de tapices de la Catedral de Santiago».

X. Arias: «Encol da localización do Sant Grial».

Xosé Filgueira Valverde: «A festa dos Maíos».

A. Taboada: «Cotos y jurisdicciones de Galicia».

Pedro Bóo Pita: «Datos para la Historia de Monforte».

I. Parga Pondal: «Encol da presenza da limenita nas Areas de Galicia».

I. Parga Pondal: «Análisis de evansita de tres localidades galegas».

L. Iglesias: «Aves de Galicia».

Como se vé trátase d'un libro de gran valimento intrínseco. Un libro de gran proveito para Galicia, e que dá unha lixeira indicación da enorme laboura que o Seminario realiza. Está moi ben editado por «Lar» e véndese a 3 pesetas cantidade irrisoria ante

a importancia do libro. Libros como éste interesa pubríquense moitos.

Este publicase gracias a axuda pecuniaría d'algúns institucións e particulares cuíos citanse no libro. Unha axuda patriótica exemplar que se fai preciso que cunda.

Agradecemos o exemplar que nos envía o Seminario e repetímoslle a éste o noso agrimo e aprauso pol-a súa inmensa laboura patriótica.

#### DATOS PARA UN ENSAYO DE AUTONOMÍA ADMINISTRATIVA DE GALICIA, por ASDRUBAL FERREIRO.

Un folleto que tamén publica o «Seminario de Estudos Galegos». Un traballo interesantísimo para leer con calma e estudialo pol-os datos que aporta a un tema de tanto intrés para Galicia.

Con cariño leímol-o e gardámol-o para botar man d'él con frecuencia que é a maior gabanza que d'él pódese facer.

Agaradécémol-o fondamente.

## ESQUEMAS E LEMBRANZAS

\* \* \*

*Wagner ós quince anos tiña sonda de cativo estudante e suas humanidás non eran d'abondo pra entrar na Uníversidá; contodo compuña versos gregos adicados á nacente Hélade moderna. Shelley, procela d'outo voar no furacán romántico, inqueda, apaixonado, apreciaba os tóns mais fuxitivos da poesía eolía. Quincey morto de fame, rapaz deixado nas ruas de Londres, podía correxir o grego de un obispo erudito. Iste nervo da cultura forte sempre fallón na Iberia e asina houbo e hai rebeldías privadas de xustificación. Consola saber que Pondal estudaba grego en Compostela e que Saco e Arce espricaba os aoristas a Vázquez Núñez na cátedra do Instituto vello de Ouren-*

*se. Dous cursiños rillando unha gramática esgrevia e apenas meléndose na floresta recurtada dos anacos escolleitos. A door dos que se dan conta da catívesa dos seus estudos e a traxedia ínterna dos que, xa maiores, teiman remedial, bota unha acedume sobr'o vivir dos nosos inteleituás. E preciso pra sere europeos e atránticos, criar o estudo longo e afondado pra fortalecer as horas da mocidade. E que non sexa moda pasaxeira sinón tradición, eisixenza esencial. Non somentes das humanidás; tamén da filoloxía románica e céltiga pois cada día faise mais urxente espallar as nosas raíces no seu verdadeiro torrón.*

\* \* \*

*Ollade pr'os ríos galegos. Os descansados*

meandros do Miño igual qu'os regatiños dos ermos ou os que se desfán en cachóns nas penedras, todos eles procuran o mesmo camiño: o norte e o poente, o Cantábrico no que ten mais de mar aberto e o Atrántico, infindo e amigo. Amigo, pois ben sabe que as rocas galegas reciben namoradas a lediza das bretemas e ollan apaixonadas pr'as illas pantásticas maxinadas no lonxe. Fíos d'anguiña, criados ríos pais dos vales, vosa verba indica tamén os camiños do noso espírito. Choutar da roca de grá e da laxe pizarrenta á dinámica da mar sin encoitarse na hourizontalidad de ningunha planura. Hastra no cerne da nosa montana interior hai sempre no ceo unha nube xurdida branca e donda das escumas salgadas e hai un regato que arela chegar aíxiña á gostosa morte das praias.

\*\*\*

Fai dous días indo con Risco e Cuevillas atopamos n' unha mámoa aberta unha pedra do dólmen. Sentimos certa emoción familiar. No ermo monte das Carqueixeiras, preto do castro e eirexa de San Breixo das Maceiras a laxe sinxela, núa, espetada no chán, compuña c'os hourizontes das serras, c'o vento levián, c'os lonxanos rumores d'aldeas montesías, millor que comporía a mais requintada arquitectura. ¿Pra qué mais? Sin arco e sin plinto, sin estilo nin decora-

ción, aquela pedra tiña unha úneca e inminente dinidá: era a pedra do lar.

\*\*\*

N' estes días o polo Norte foi o curazón de todo o hemisferio. Dispóñense as vilas balnearias. Medra o bailado dos millós. Abrense luxosas tendas cada día, milloran os estudos, veñen os turistas. Unha onda de confianza latexa pol-o mundo, e tamén enche a nosa Galiza. Formigüexan os proietos. Ben. Mais fai moitos anos que non vin tantos fatos de labregos camiñar pr'a segas de Castela. Iuda non madurou o pan nas nosas montanas e xa os montaneses s'acugullan na estación agardando o paso do mixto. O tempo non figura curar os males de Galicia. Rosalía, volta ó mundo, saloucaría pol-a mesma door.

\*\*\*

Castiñeiros do meu souto, deixade que bique vosa disforme pel acaracochada, sinxelos abós agromados a cada nova primavera. Xa os sabios confirman o que sentiron os poetas. Sodes os castiñeiros indíxenas indicustibres da Galicia. Coma os galegos aventureiros, levades por todo o vello mundo a sombra agarimosa e a valente fartura da nosa montana.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

---

**Lea vostede**

# Os Camiños da Vida

por **R. Otero Pedrayo.**

# M E D O

Chegaron as xentes  
i-encheron a casa;  
brua a tormenta  
de pedrazo i-augua,  
i-a probe da morta  
metida na caixa,  
c-os beizos abertos  
paréz que falaba.

¡Y-eran como bágoas  
as pingas queimantes  
d-as fúnebres fachas!...

Calaban os homes  
i-as mozas calaban;  
ó lexos, os lobos,  
na noite oubeaban,  
e, caladamente,  
os seus padrenosos  
as vellas triscaban.

¡Somentes a morta,  
c-os beizos abertos,  
paréz que falaba!...

No fondo silencio  
súpeto alumea  
roxa labarada;  
un lóstrego forte  
metéuse na casa,

i-as xentes,  
medrentas,  
tembrorosas falan:  
—¡Xesús! ¡Dios nos valla!...

As fachas,  
c-o vento,  
cáxe que sapagan;  
o medo quedouse  
campando na casa,  
i-as xentes fuxiron  
na noite pechada.

Y-eran homes fortes,  
i-eran mozas roibas,  
compañeiros todos  
da probe coitada.

.....  
Xa todos se foran.

O lobo,  
na noite,  
de novo oubeaba,  
e na casa soya,  
baix-a lús d-as fachas,  
—cos beizos abertos  
cóm-a rosas brancas,—  
somentes a morta  
i-o medo falaban!...

XULIO SIGÜENZA.

# XANIÑO

Xaniño era un rapás d'uns dazaoito anos, sinxelo com'unha pomba, bó com'o molete.

O malpocado quedou horfo de pai e nai cando era ben pequeno, e si non fora o crego—un velliño a quen a neve dos seus cabelos non xiara o lume do seu peito—hubera morto de fame ou dar cos seus osos n'hospicio.

E foi o crego un pai tan bó para Xaniño, que non sólo o mantiña, sinón que tamén enchíalle a ialma das meles da sabencia, e alá na testa abrigaba a espranza de darlle a mesma carreira qu'él tiña.

Contaba o crego pra iso coa boa ley que lle gardaba o señor Obispo, compañeiro seu do Seminario, quén lle ofrecera unha beca pra o rapás, que si o crego era rico en boas intencións, non lle pasaba o mesmo en facenda, pois quén todo dá, non pode ter cartos na hucha.

Aos dazaoito anos aínda non conseguira Xaniño a beca, mais si o señor Obispo deixaba de lembrarse do rapás, non facía o mesmo o crego, e íballe adiantando bón anaco de camiño nos seus estúdeos, que dito sea, foron ben mal empregados, pois si Xaniño adendera a ler nos libros do latín e do grego, non fixo o mesmo cos ollos das rapazas, e menos nos de Mariquiña de Meira qu'os tiña negros com'as amoras, e brillaban de tal xeito, que, ao entrarlle a lus d'eles no seo, alumiuolle hastra-os mais agachados currunchos da ialma, e fixolle esquencer o seu propósito de ser crego, pol-o menos, namentras istes non sean casados.

Foi na fonte onde se viron os rapaces.

Unha noite de craro luar chegaron os dous a encher a un tempo n-ela, Xaniño unha xarra e Mariquiña a caldeira. Xaniño quedou parvo mirando pra Marica, mentras ela ríase d'el porque, por ollala, meteu o

rapás un zoco na fonte e non se deu conta hastra qu'a nena llo dixu.

Aquela noite queixáronse o crego e mais a nai de Marica de qu'a auga viña abolta, e, como non chovera, berraron os dous a os rapaces, mentras eles lembrábanse un d'outro e do que na fonte pasara. Por certo que así com'o crego non rifou moito, pois doulle lástima a tristura do rapás, a vella pegoulle duas labazadas a Marica, que non contiña a risa, facéndolle ver qu'os fillos non deben bulrarse d'os seus pais.

Dende aquela noite a fonte pareceu quedar mais lonxe, pol-o que tardaban os rapaces en dar volta aos seus fogares.

¿Foi a diosa meiga que vive na Fonte? ¿Foi a ialma dos caraveles que nacen nas veiras dos regatos que d'ela fuxen? ¿Foi a lua, esa nai dos namorados e dos poetas? ¿Non; foron os dazaoito anos que fervían na sangue dos rapaces; foi o que sempre é, cháménlle cóbrega, Cupido... ou non lle chamedes por ningún alcume, que, como seades mozos, xa virá d'abondo pois aínda aos vellos traballo lles costa fuxir d'iso que rebule no peito e fai tolear a cachola.

E d'iste xeito foron pasando os días ou millor dito, as noites, pois aqueles non s'acababan nunca pra Xaniño.

Entre lusque e fusque collía o rapás a xerra e iba pr'a fonte. Iba calado, malencólico, como si lle faltara algo pra vivire. Pol-o outro camiño viña Mariquiña co'a caldeira, enchend'o lugar ca melodía da sua enxebre cantiga.

Xuntos xa, sentados veira da fonte, él collía as maus da rapaza entr'as suas, e fixando seus ollos nas feiticeiras meixelas da nena, quedábase así acougado, como si tivera medo qu'ao falar ou abanearse fuxira a rapaza.

Na ialma mística do mozo, ialma horfa de malicias, pol-a que pasaron os misterios dos seus estúdeos sin qu'os comprendese, sin que se metera a remexer o fondo dos bulleiros mais ou menos escuros e cheos de lama qu'atopou na Hestórea; ialma chea de purzas e garimosa tenrura; ialma feita pol-o crego, qu'en misticismo non iba a derradeira de San Ignacio, n'esta ialma meteuse Mariquiña chea de lús tan doce com'ao do sol ao despuntar pol-a mañanciña.

E lembrábase, ollando decote pol-a rapaza, das vidas dos santos qu'adepredera, e moitas veces asemelláballe a aparición de Mariquiña a que tivera Bernardetta e Santo Domingo cando se lles apareceu Nosa Señora, e dábanlle dexexos de caer de xionllos aos pés da nena marmuxando unha pregaria.

Mariquiña, que non adepredera a ser mística, que tiña a intuición da coqueteiría na sangue; qu'os libros e hestóreas que cataran eran das qu'os vellos contaban veira do lar no inverno, contos que si denantes facían-na poñer vermella, hoxe dábanlle dexexos de rír como tola—pois aquelas lerias, as mais das veces, picaban com'as nésporas—Mariquiña bulrábase do rapás chamándolle papón e mexiriqueiro, mentras os seus beizos, roxos como carabeles, abríanse rindo de bicar, famentos, esligados...

Moitas noites marchaban os dous enferruñados, mais ela, qu'él. Layábase Xaniño de qu'a rapaza cantase aquelas toprás nas que solo se falaba de vicos, d'apretas; de que Marica non soupera falar mais que de mantelos, de alhaxas, de cousas qu'él desprecia; de que fose cobizosa e rexoubeira e pensara mais nas suas amigas que no seu amor. E doíase a nena de qu'o rapás non tivera mais qu'ollos pra mirala; que se quedara engaiolado ante ela, sin aución, sin mostrarlle o seu cariño com'os demais mozos o facían ás suas compañeiras.

Pero axiña viñan as paces, e Xaniño toleaba ouvindo xurar a Mariquiña qu'o quería mais qu'os seus pais, qu'a vida; que non sería en ningures d'outro que non fora o seu Xaniño.

Un día dispidiuse a rapaza d'él. Viñera seu irmáu d'América, e non deixaba ir a

fonte, pois dixera que mentras lle durase a «prata» non traballaría ela.

Con seu irmáu viñera Mingos de Trasaríz, o fillo da señora Xoana de Fucín, que facía dez anos marchara a Buenos Aires, e prote-xera alá o mozo.

—Trouxéronme moitas cousas—decía, e amostroulle un anillo que lle regalara Mingos, e uns pendentos recordo do seu irmáu.

E Mariquiña aquela noite non s'ocupou mais que d'eles, da fala bonita que tiñan, do rico que viña Mingos, e de que agora levaríanna ás romerías, pois xa tiña con quen ir, e ricos mantelos que poñer. Aquela noite volveu pr'o seu fogar Xaniño esmorecendo, chorando com'un neno, e non de celos, qu'él tiña fe nos xuramentos de Marica, sinon larándose de non poder atopala mais noites na fonte.

Pasou un mes sin que vira a rapaza, non sendo os domingos na igrexa cando axudaba a misar ao crego. Moitas veces escoitaba as mulleres da casa que Mingos falaba con Mariquiña, mais él ríase e chamáballes rexoubeiras; a quen quería a nena o sabían él e a fonte.

E chegou un domingo no que coidou morrer. Axudaba a misa Xaniño, cando o crego ao dispoñer os días de festa, colleu un anaco de papel e deu lectura as «miniciós» de Mingos e de Marica. Xaniño pegou un berro que mais asemellaba d'unha besta que de un home, botouse a chorar ca admiración do crego e dos feligreses, que non sabían nada dos seus amores. E dixo a misa o crego solo, pois o rapás trabucaba a fala e tremaba cäl un bimbio que o vento abanea.

Cando arrematou a Misa, xa na sancristía, votouse aos pes do crego, chorando, contándolle todo. O velliño si non lle gustou o conto, c'a sua bondade disculpouno, e quixo facerlle ver qu'as mulleres son mintireiras, e meteuse pol-as portas dos seus coñecementos poñendo exempros d'os que tran os libros; mais o mozo deixouno c'a fala na boca e fuxiu pra eira de Marica, non querendo crer o que lle falaban sinon qu'ela llo dixera.

E cadrou que xunta a cancela da casa de Marica dou con ela, e colléndolle as maus qu'a rapaza quixo agachar sin conseguilo, ollándoa com'un tolo, cos ollos cheos de bá-

goas e vos esmorente, preguntoulle si era certo que se casaba; si non o quería a él; si así faltaba ós seus xuramentos.

Ela que no primeira ganárelle medo pero qu'en velo chorando xa se repuñera, rechazouno, e ríndose, díxolle con «moita aquela»:

—Mira Xaniño, tí é millor que seas crego, pois non vales pr'outra cousa e sairás de ser sancristán, qu'iso da pouco, sobre todo, cando che se remate a ésmola do crego. É certo que caso con Mingos, e como él e rico, quero que cando vayamos a igreia ripiniques as campás com'a si casaran uns señores; faino ben que xa cho pagará Mingos. E ríndose, escapou pra dentro da casa.

Amaneceu o día do casamento de Mingos e Marica tan feiteceiro como son sempre estes en Galicia. A parroquia estaba de festa, pois o diñeiro correra a maus cheas, e casi todol-os veciños foran convidados ao ca-soiro.

O crego quixo que Xaniño non lle axudase, pero o rapás non o consintiu dicindo que

xa non tiña pena, e que, para probalo, iba a ripinicar as campás coma nunca se fixera.

E nafeuto; cand'os novios e mais o seu acompañamento chegaron á igreia, votou as campás a voar como se manexadas foran por un tolo.

Meteuse a xente na igreia, e cando xa non quedaba ninguén fora, calaron as campás un anaco; mais de pronto sintiuse unha badalada grande, forte; despois un repinique estrano, como si tremara o badallo, e siguiu tañendo a campana cal si tocara á morto.

Crendo qu'o rapás facía bulra, saíron de presa os mozos ao adro, e quedaron ademirados...

Da corda que da campana grande cai por fora da parede da torre para que se poida tocar desd-o chau, bambeaba estremecéndose c'as ansias da morte o corpo de Xaniño; aforcárase n'ela.

Y-a campana por un anaco siguiu dando badaladas de morte qu'iban sendo cada vez mais pequenas...

LUIS VILLARDEFrancos CALÉ

## PENEIRANDO

Temos ollado como moitas institucións oficiás galegas veñen contribuindo a diversas suscripcións que atualmente están abertas para homenaxear a algúns hespañoles. Suscripcións que atoparon en Galicia unha acollida mais agasallosa do que cabía supoñer.

En troques, tamen atualmente trátase de acadar cartos para obras de carater galego como a imprentación do libro de Amado Carballo, a Residencia de Estudantes, o premio Murguía-Rosalía e outros para erguer momentos a galegos ilustres. N'estas suscripcións non ollamos figurando moitas institucións oficiás galegas que tiñan a obriga de facel-o.

Pol-o visto intréсанlle mais os hermanos Quintero.

Craro está que aínda co-a ausencia d'estas institucións, as cousas galegas proietadas fa-

ránse mais ou menos axiña pero o feito é francamente lamentable e compre poñelo de manifesto.

E xá que lembramos a Institución Murguía-Rosalía para a que ten arrecadados algúns cartos o Concello cruñés ¿podémos saber en que estado atópase a cousa?

Xa van varias vegadas que facemos a mesma pregunta sen que até agora olláramos quen se metera a falar do asunto. O actual Alcalde ¿podaría decirnos algo?

## LECTURAS

PATRIA VASCA, México.

Temos recibido o primeiro número d'unha revista así tiduada que comenza a se publicar na capital mexicana. Vén presentada d'un xeito admirabile e toda ela é un canto patriótico a Vasconia e un hino ao movimen-

to redencionista eúskaro. Trae orixinaes admirabres e fermosamente patrióticos que pol-a coincidencia co noso idearium non é preciso gabar.

«Patria Vasca» chama a todol-os vascos a colaborar na obra xenerosa de traballar pol-o despertar da súa terra e da súa raza, e para eso emprega argumentos e razóns convincentes e verbas que teñen de chegar ao corazón dos patriotas.

«Patria Vasca» non admite suscripcións nin anuncios. Publícase costeada por uns cantos desterrados e repártese gratuitamente. Quen queira recibil-a pódese dirixir a «Patria Vasca» - Apartado 160 - Torreón, Coah - México.

Pol-a nosa parte establecemos dende agora o troque co'a notabre revista que leeremos con verdadeira ansiedade e á que desexamos longa vida e entusiasmos para continuar a obra para que foi creada e que tan admirablemente enceta no seu primeiro número.

Aos suscritores das provincias de  
Ourense e Lugo

Seguindo o costume establecido ao cobrar a anualidade vencida, no presente mes de Xunio xiraremos contra os suscritores das provincias de Ourense e Lugo unha letra por valor de 6 pesetas importe de un novo ano de suscripción

Como saben os nosos lectores éste é o único meio de que dispoñemos para a cobranza das suscripcións e pol-o mesmo rogámoslles encarecidamente atendan o noso xiro co que nos evitarán uns gastos que non soportaría o sostimento da revista

Agradéceo fondamente  
A ADEMINISTRACIÓN

Imp. NÓS Real, 36-1.º A CRUÑA

## X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO-PROCURADOR

CANTÓN PEQUENO, 1-(OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

**EFEKTOS NAVALES**

de

**FERRER E COMPAÑÍA - SUCESTORES**

**F. Bertrán e Mirambell**

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

*Artigos xenerás para equipo da Mariña militar  
vapores, barcos de vela e pescadores.*

Grandes Almacenes de Tecidos

**NUEVO MUNDO**

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EXTRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA CRAS DE PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256

**A CRUÑA**

## FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

**A CRUÑA**

FERRETEIRIA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.



AGUAS DE  
**MONDARIZ**

FIENTES DE GÁNDARAY Y TRONCOSO  
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en total-as  
Boticas, Droguerías,  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurans e  
vagós-camas de  
todol-os três.

As mais indicadas en casos  
de artitrismo, desnutrizón, diabetes,  
obesidades diversas, doenzas do  
aparello dixestivo, anemia  
e neurastenia

Riquisma auga de mesa  
gaseada naturalmente.

**MONDARIZ - BALNEARIO**  
a 35 kilómetros de Vigo

Representante na provincia da Cruña, D. Antonio del Moral,  
Rúa da Amargura, núm. 15

A CRUNA